Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás convocatorias e cursos de formación levados a cabo pola Consellería do Mar ano 2017 en materia náutico-pesqueira, técnicas de mergullo e seguridade e acuicultura, así como a tramitación das solicitudes presentadas polo alumnado

- 26498 - 12717 (10/PRE-005419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego destinadas a mellorar as posibilidades de pesca do bocareu na zona IXa

- 26640 - 12918 (10/PRE-005466)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o mantemento pola Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Cambados

- 26490 - 12985 (10/PRE-005485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados *ad hoc* que condenaron persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana

- 26496 - 13896 (10/PRE-005638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o custo económico do cambio de nome do Hospital da Costa polo de Hospital Público da Mariña Lucense

- 26488 - 13906 (10/PRE-005643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a discordancia entre o proxecto de orzamentos de 2017 e o orzamento executado en 2016 no correspondente ao número e contías de capeláns no Sergas

- 26637 - 13915 (10/PRE-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para favorecer a recuperación do mosteiro de Santa María a Real, de Oia

- 26487 - 14049 (10/PRE-005705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a supresión de rexistros da propiedade como consecuencia da aplicación do Real decreto 195/2017

- 26485 - 14061 (10/PRE-005711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego de reclamarlle ao Goberno do Estado a transferencia de competencias para poder determinar o número de rexistros da propiedade e mercantís que se deban agrupar ou crear no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

- 26635 - 14067 (10/PRE-005714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a necesidade de obras para a recuperación e rexeneración do espazo natural no contorno da praia da Carabuxeira (Sanxenxo)

- 26483 - 14090 (10/PRE-005725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o recurso contencioso-administrativo presentado por dous rexistradores da propiedade fronte ao Real decreto 195/2017, perante o Tribunal Supremo, manifestándose en contra da supresión de dez rexistros da propiedade en Galicia

- 26481 - 14345 (10/PRE-005828)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da redución do número de traballadores do mar en Galicia desde o ano 2009

- 26631 - 14347 (10/PRE-005829)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a cota de anchoa que actualmente ten Galicia

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 6 de marzo de 2018, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 6 de marzo de 2018, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 27 de febreiro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencias

1.1 26989 (10/CPP-000050)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para dar conta da proposta da Xunta dentro do proceso negociador para mellorar as condicións dos traballadores da Administración da Xustiza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 26939 (10/CPP-000049)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións en relación coa folga na Xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

1.3 26041 (10/CPP-000048)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para abordar os obxectivos e desenvolvemento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

Punto 2. Mocións

2.1 26868 (10/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 24390, publicada no BOPG nº 255, do 07.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

2.2 26879 (10/MOC-000074)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución e remate dos procesos de concentración parcelaria que se están a levar a cabo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20395, publicada no BOPG nº 219, do 29.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

2.3 26884 (10/MOC-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento da licitación das obras de diversas autovías de Galicia, a través do Plan extraordinario de estradas do Goberno central para os anos 2018 e 2019. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 23197, publicada no BOPG nº 247, do 25.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.02.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 16409 (10/PNP-001256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

3.2 21776 (10/PNP-001631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

3.3 22846 (10/PNP-001680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

3.4 25181 (10/PNP-001796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

3.5 26134 (10/PNP-001844)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.6 26209 (10/PNP-001853)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e dez deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.7 26211 (10/PNP-001854)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.8 26274 (10/PNP-001863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 4. Interpelacións

4.1 20572 (10/INT-000681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

4.2 22216 (10/INT-000754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 26272 (10/INT-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 26979 (10/POPX-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.2 26980 (10/POPX-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.3 26982 (10/POPX-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na consecución da igualdade real entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 24758 (10/POP-002986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.2 26227 (10/POP-003118)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista
Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.3 24633 (10/POP-002980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.4 26972 (10/PUP-000152)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e trece deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.5 26967 (10/PUP-000151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.6 23459 (10/POP-002835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

6.7 26248 (10/POP-003121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.8 25960 (10/POP-003088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.9 26960 (10/PUP-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26642
Data envío: 21/02/2018 09:11:54.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:50



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10898**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a existencia de subministro suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26511
Data envío: 19/02/2018 16:36:38.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 16:36:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26647
Data envío: 21/02/2018 09:12:48.293

Data 21/02/2018 09:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3038**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa vertedura de gasóleo detectada durante a fin de semana do 16 ao 18 de decembro de 2016 na ría de Corcubión, nomeadamente nas proximidades de Quenxe”**, (publicada no BOPG número 48 do 19 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 2.02.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 2665 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26647
Data envío: 21/02/2018 09:12:48.293

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:12:42



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9255**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta.**”, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 28.8.2017, ten entrada na Subdirección xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios unha reclamación presentada pola Secretaria da Asociación Española de Afectados por Intervencións de Cirurxía refractiva (ASACIR) contra distintos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia por presunta publicidade enganosa.

O 5.9.2017, ao abeiro do disposto no artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o o xefe do Servizo Provincial de Consumo de Lugo, solicita un informe sobre á reclamación presentada ante Instituto Galego de Consumo por ASACIR contra varios centros sanitarios.

Unha vez examinada a documentación achegada, toda vez que os supostos denunciados entran no ámbito competencial propio da Consellería de Sanidade, o 9.10.2017, realízanse as actuacións previas para ao esclarecemento dos feitos obxecto da reclamación.

A data de hoxe, das actuacións previas finalizadas, conclúese que non concorren as circunstancias determinantes da iniciación dun procedemento sancionador por infracción administrativa en materia de centros, servizos e establecementos sanitarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26645
Data envío: 21/02/2018 09:12:27.511

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:12:20



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a actual dependencia de Galicia na produción de semente de moluscos bivalvos”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26643
Data envío: 21/02/2018 09:12:03.527

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a política do Goberno galego en relación á mellora das posibilidades de pesca do boquerón na zona IXa”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do lces á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios de outras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26499
Data envío: 19/02/2018 14:26:53.445

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26648
Data envío: 21/02/2018 09:13:03.559

Data 21/02/2018 09:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3037**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa vertedura de gasóleo detectada durante a fin de semana do 16 ao 18 de decembro de 2016 na ría de Corcubión, nomeadamente nas proximidades de Quenxe, así como as previstas respecto da progresiva deterioración da calidade das augas.”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 2.02.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 2665 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26648
Data envío: 21/02/2018 09:13:03.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:12:53



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9253**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta, o número de intervencións que se levan a cabo e as follas de información que se entregan aos pacientes”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 28.8.2017, ten entrada na Subdirección xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios unha reclamación presentada pola Secretaria da Asociación Española de Afectados por Intervencións de Cirurxía refractiva (ASACIR) contra distintos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia por presunta publicidade enganosa.

O 5.9.2017, ao abeiro do disposto no artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o o xefe do Servizo Provincial de Consumo de Lugo, solicita un informe sobre á reclamación presentada ante Instituto Galego de Consumo por ASACIR contra varios centros sanitarios.

Unha vez examinada a documentación achegada, toda vez que os supostos denunciados entran no ámbito competencial propio da Consellería de Sanidade, o 9.10.2017, realízanse as actuacións previas para ao esclarecemento dos feitos obxecto da reclamación.

A data de hoxe, das actuacións previas finalizadas, conclúese que non concorren as circunstancias determinantes da iniciación dun procedemento sancionador por infracción administrativa en materia de centros, servizos e establecementos sanitarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26646
Data envío: 21/02/2018 09:12:37.074

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:12:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a información do Goberno galego en relación coa situación das xestións realizadas polo Goberno central para a modificación das traducións oficiais de determinadas subzonas e divisións de pesca co fin de evitarlle ao consumidor a confusión respecto da orixe dos produtos do mar, os termos da resposta da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, así como as xestións previstas polo Goberno galego para evitar ese problema”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, en relación coa aplicación do regulamento comunitario 1379/2013, que obrigaba a atribuír ao país veciño as capturas autóctonas e realizadas pola flota galega coa denominación de augas portuguesas’ á hora de etiquetar estes produtos, informa que unha vez coñecida esta situación fixemos chegar a nosa preocupación tanto ao Goberno central como á Comisión Europea.

Isto motivou que a Secretaría General de Pesca reforzase a súa petición de corrección deste teor diante da DG Mare, sendo obxecto de atención en varias xuntanzas e contactos.

Desde a DG Mare entenderon a preocupación amosada por España ante a posibilidade de xerar confusión ao consumidor que non ten porque coñecer que a FAO emprega oficialmente o termo ‘augas portuguesas’ incluíndo as sub- áreas españolas, tanto a andaluza como a galega. En todo caso, a DG Mare sinalou a disposición de marxe suficiente de flexibilidade e apuntou á posibilidade de interpretación do propio regulamento de cara a permitir que se poida usar e se deba usar a inclusión da zona exacta onde se

realiza a captura do peixe ou marisco, existindo tamén a posibilidade de engadir na etiqueta unha denominación facilmente identificable para o consumidor.

A modo de exemplo, na zona VIIIc, en lugar da denominación Golfo de Vizcaia, é posible empregar 'Cantábrico e Noroeste de España', e no caso de augas de Portugal engadir outras referencias máis precisas e identificables con Galicia.

En resumo, dende a Consellería do Mar intentouse clarificar esta situación tanto ante o goberno de España como na UE, cos resultados favorables anteriormente sinalados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26492
Data envío: 19/02/2018 14:25:32.023

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:25:27



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10885**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26644
Data envío: 21/02/2018 09:12:15.152

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:12:08



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10897**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26641
Data envío: 21/02/2018 09:11:43.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **11075**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade laboral na que teñen que desenvolver a súa actividade os traballadores do mar no Grove, a consecuencia da carencia dunha dársena específica para bateiros e mariñeiros, así como as súas previsións respecto da recuperación do proxecto presentado no ano 2011 polo anterior presidente de Portos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia, de xeito consensuado co sector profesional do Grove (en concreto a Confraría de Pescadores e o colectivo de bateiros) está a desenvolver un proxecto de mellora de abrigo en Meloxo, que se atopa actualmente pendente das alegacións formuladas por parte dos afectados. Así mesmo, está a promover a reordenación da dársena para mellorar as condicións de traballo dos profesionais. Esta reordenación require a realización previa dunha dragaxe que actualmente se atopa en fase de tramitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26403
Data envío: 19/02/2018 09:08:21.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 9:07:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados ad hoc, que condenaron a persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana e a opinión do Goberno galego en relación ao recoñecemento, reparación e dignificación da memoria das vítimas da Guerra Civil e o franquismo”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 24 de novembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 12986, presentada polo mesmo grupo parlamentario .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26489
Data envío: 19/02/2018 14:25:02.772

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14719**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ter presentado ningunha solicitude diante do Instituto Social da Mariña para a inclusión dos colectivos de percebeiros, mariscadores, redeiras e outros que non realizan a súa actividade a bordo de embarcacións e susceptibles de sufrir accidentes, na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar, as actuacións levadas a cabo para ese fin e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que tanto as persoas percebeiras, mariscadoras e redeiras teñen dereito a todas as prestacións sociais ao igual que o resto de traballadores/as, agás no caso das axudas non contributivas de pago único, para aquelas persoas embarcadas e nas que se abona soamente por casos concretos, por exemplo:

- Perdas de equipaxe no caso de naufraxio
- Traslado en caso de falecemento ou enfermidade que esixa evacuación (e non estea cuberta polo seguro do buque ou empresa)

Por outra banda, cómpre lembrar que o ano pasado foi convocada a Comisión Sectorial de Política Social do Consello Galego de Pesca, tanto para analizar estes casos máis pormenorizadamente xunto ás posibles accións a adoptar nun futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26622
Data envío: 21/02/2018 09:07:54.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:07:44



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15382**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns de Portos de Galicia para demorar a execución dos convenos asinados co Concello de Poio para o acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó e as previsións do Goberno galego respecto da súa posta en marcha fóra da época estival”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Nos portos de Raxó e Covelo no ano 2011, o entón presidente de Portos de Galicia, presentou un proxecto de mellora integral conxunta cun orzamento de 4 millóns de euros. Este plan incluía humanización de espazos, ampliación de instalacións e ordenación do porto, entre outras actuacións.

O novo contexto económico xurdido en 2012 obrigou a segmentar esta proposta co obxectivo de ir executándoa por fases, paralelamente en Raxó e Covelo. Creouse ademais unha comisión de seguemento co Concello e veciños da zona para establecer as prioridades de actuación.

Esta comisión de seguemento marcou como prioridades a construción dunha pasarela peonil de acceso ao porto de Raxó e a ampliación e humanización da contorna da ponte de Covelo, así como os traballos orientados á mellora da seguridade peonil en nas dúas localidades. En ambos casos as obras están xa executadas (a de Covelo acaba de rematar). Os investimentos foron de de máis de 200.000 euros en cada caso.

A estas actuacións súmanse outras de conservación e mantemento executadas en ambos peiraos como a grúa elevadora de embarcacións ou o paseo por riba da escolleira en Raxó.

En total estamos a falar dun importantísimo investimento no portos de Raxó e Covelo así como nos outros dous peiraos do Concello de Poio, Combarro e Campelo, por importe de arredor de 600.000 euros nun contexto económico de especial dificultade, no que Portos de Galicia mostrou o seu compromiso co Concello de Poio.

Un compromiso que segue a quedar de manifesto a día de hoxe cando está a piques de empezar outra das obras máis demandadas polo sector portuario de Poio, como é a dragaxe de Campelo (cun

orçamento de 50.000 euros e o inicio de obra previsto para antes de final de ano se a climatoloxía o permite).

Polo tanto, Portos de Galicia está a traballar pola mellora portuaria do conxunto dos peiraos de Poio e de Raxó e Covelo en concreto, onde xa están executadas as dúas actuacións que foron sinaladas polo propio sector e o Concello como prioritarias.

A proposta de máximos presentada en 2011 resultaba altamente ambiciosa e Portos de Galicia está a dar pasos para a súa consecución de xeito progresivo e en función da dispoñibilidade orzamentaria de cada momento. Neste sentido, o ente público está actualmente en contacto directo con Augas de Galicia para a proxección dunha nova actuación demandada pola comisión de seguemento dos Proxectos de Raxó e Covelo: a humanización do bordo portuario de Raxó (que inclúe a definición dunha zona semipeonil, adoquinado e pavimentación da zona)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26620
Data envío: 21/02/2018 09:07:24.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:07:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a información do Goberno galego en relación coa morte de miles de cabalóns ou xardas pintadas nas proximidades da Illa de Toralla, na ría de Vigo, as súas causas e as medidas que está a adoptar, así como a realización dalgunha investigación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A pesar de que non houbo denuncia oficial algunha, o Servizo de Gardacostas de Galicia, a raíz da aparición nun medio de comunicación dun vídeo filmado por un buzo investigador no que se vía unha grande cantidade de peixe morto no fondo mariño, inmediatamente comezou unha investigación para intentar coñecer a veracidade e o alcance do asunto.

Esta situación puxémola en coñecemento da Delegación do Goberno, que é quen ten as competencias por vertidos neste caso, que contactaron coa Garda Civil para intentar localizar o lugar da aparición do peixe morto, pero non foi posible ao non existir denuncia nin máis detalle a maiores desta publicación nun medio de comunicación.

Polo tanto, e ante esta situación decidíuse contactar co buzo que grabou as imaxes, pero tampouco puido detallar nin a cantidade nin o lugar exacto no que apareceron estes exemplares de ‘xarda pintada’ ademais de que a súa publicación producíuse varias semanas despois á toma das imaxes, polo que o grao de descomposición do peixe, xunto á súa desaparición por ser obxecto comestible doutros depredadores, non permitiu analizar o detalle do asunto.

Desde a Delegación do Goberno infórmannos de que se ten solicitado un informe ao IEO a través da Capitanía Marítima de Vigo.

paxina 1 de 2

En todo caso caso, hai que sinalar que non se volveu a detectar mortalidade algunha nesta especie ou noutras durante este tempo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26619
Data envío: 21/02/2018 09:07:12.681

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:07:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16420**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica e as consecuencias para Galicia da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As últimas sentenzas demostran que a seguridade xurídica do concurso eólico galego está blindada, e ratifican a legalidade e a constitucionalidade da lei eólica tramitada por este Goberno. Ademais, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créase o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, xa se contemplaba a posibilidade de que as empresas que se presentaran ao concurso do Bipartito tivesen dereito á indemnización polos gastos xustificadas e imprescindibles nos que tivesen incorrido.

Por outra banda, mencionar que este Goberno está a marcar desde sempre unha senda para a dinamización do sector eólico baseado no rigor, adoptando diferentes medidas técnicas, administrativas, legais e financeiras. Este marco de apoio, xunto ás últimas poxas de enerxías renovables, teñen posibilitado a oportunidade de que Galicia poida superar os 4.000 MW en funcionamento en 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26615
Data envío: 21/02/2018 09:06:27.509

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16512**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26508
Data envío: 19/02/2018 16:36:11.260

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 16:36:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16663**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o control e fiscalización das contas da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, das federacións provinciais, así como do resto das confrarías”**, (publicada no BOPG número 184 do 29 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Consello de Contas, segundo a súa regulación contida na Lei 6/1985, do 24 de xuño, é un órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exerce a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. É un órgano que depende directamente do Parlamento de Galicia e que exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico.

Por tanto, debe sinalarse que, á vista da súa regulación, a iniciativa de actuación no tema da fiscalización de contas das federacións e das confrarías corresponde ao propio Consello de Contas de Galicia.

As confrarías de pescadores en tanto corporacións de Dereito Público atópanse sometidas á regulación contida na Lei 9/1993 de confrarías de pescadores de Galicia e ao Decreto 8/2014. No artigo 56 da citada disposición regulamentaria se di: En todo caso, a xestión económica, financeira e as contas das confrarías estarán sometidas ao control do Consello de Contas, nos termos previstos na Lei 6/1985, reguladora de dito órgano e nas súas disposicións de desenvolvemento”.

Como novidade deste decreto introdúcese no artigo 67.2, *que a federación Galega de confrarías de pescadores e ás federacións provinciais seranlles de aplicación o mesmo réxime económico, orzamentario e contable previsto para as confrarías de pescadores no capítulo VI deste decreto.*

De todo o anteriormente sinalado despréndese que a iniciativa para a fiscalización das contas tanto da Federación Galega de Confrarías, como das federacións provinciais e das propias confrarías é unha competencia atribuída legalmente ao Consello de Contas, quen, ben de forma directa ou seguindo instrucións do Parlamento de Galicia, debe realizar tal fiscalización.

En canto á valoración que fai o Goberno galego, en tanto que sometido a Lei, debe respectar as competencias e funcións atribuídas por normas de tal rango a outros órganos ou institucións estatutarias. O certo é que o artigo 53,2 regula a institución do Consello de Contas de Galicia e



remite a súa regulación a unha lei do Parlamento de Galicia en concreto a citada lei 6/1985 e, como xa sinalamos, é ao Consello de Contas a quen lle corresponde o exercicio de tal competencia.

O Goberno galego, e, polo tanto a Consellería do Mar, está plenamente comprometido no feito de que tanto a súa actuación como a do sector público autonómico, dentro das esixencias da legalidade vixente, sexa o máis transparente posible.

Por outra banda, o Goberno non pode retomar ningunha práctica sobre a que non ten competencias, porque como xa sinalamos, entendemos que é unha cuestión que depende do propio Consello ou do Parlamento de Galicia.

Non obstante debemos a manifestar que o Goberno galego, como sempre, está aberto a colaborar en todo tipo de medidas que redunden nunha maior transparencia na actuación económica dos entes integrantes do sector público autonómico e a colaborar, sen restricións, cos órganos que teñan atribuídas ditas competencias.

A maiores, sinalar que a Consellería do Mar conta con unha serie de instrumentos para facer o control das contas tanto da Federación Galega de confrarías como das federacións provinciais e das propias confrarías de pescadores. Ditas medidas aparecen reguladas nunha norma, o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro. En concreto o capítulo VI da devandita norma regula o réxime orzamentario, económico e contable. O artigo 56 ocúpase do réxime contable e obriga ás confrarías a levar un plan contable de carácter único que é aprobado pola Consellería competente en materia de Facenda, cousa que se está a facer na actualidade.

Por ultimo, existe constancia en diversos informes elaborados polo propio Consello de Contas do cumprimento por parte da maioría das confrarías e as súas Federacións da obriga de render contas ante dita institución".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26614
Data envío: 21/02/2018 09:06:17.431

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:13



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17664**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a fundamentación da decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula, o número de aulas nas que se está a incumprir esa relación e as previsións respecto da redución das establecidas na actualidade”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26613
Data envío: 21/02/2018 09:06:08.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26475
Data envío: 19/02/2018 14:22:25.349

Data 19/02/2018 14:22

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17702**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26475
Data envío: 19/02/2018 14:22:25.349

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:22:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18286**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ás posibles repercusións na industria electrointensiva galega das modificacións que pretende o Goberno central no sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica, a realización dalgunha avaliación e o mantemento dalgunha interlocución co Goberno central ao respecto, así como a solicitude da opinión das empresas afectadas”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central continúa a traballar nunha adaptación dos mecanismos actuais en concordancia con compromisos europeos adquiridos e a súa adaptación á normativa comunitaria. Así pois, desde a Xunta estase en contacto co Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital para que o futuro sistema aporte máis certeza e máis garantías ao desenvolvemento da actividade e investimentos das empresas electrointensivas afincadas en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 565d6151-c152-f194-6d86-70321a8f0416

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26608
Data envío: 21/02/2018 09:05:13.852

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:05:07



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18599**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o sector editorial en Galicia e, en concreto, a edición en lingua galega, as súas razóns para non desenvolver nos últimos dez anos a Lei do libro e da lectura de Galicia, para non aprobar o plan director do libro anunciado e para non convocar o Consello Asesor do Libro desde 2010, así como as medidas previstas para impulsar a edición en galego”**, (publicada no BOPG número 196 do 19 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21820 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.

Lembrar que a Biblioteca e Arquivo de Galicia acolleu o pasado 15 de decembro de 2017 a reunión do Consello Asesor do Libro, un organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento sobre as políticas relacionadas coa Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia. Asemade, o pasado 23 de xaneiro de 2018 tivo lugar a primeira xuntanza do grupo de traballo para a dinamización da lectura en Galicia, do que forman parte a Administración cultural galega e o sector.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26651
Data envío: 21/02/2018 09:19:53.421

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:19:47



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19015**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos efectos do estado de saneamento das rías na produción marisqueira, a súa opinión referida ás causas da súa diminución e as xestións realizadas ou previstas diante da Unión Europea para acadar un tratamento distinguido para as zonas de cultivo e extracción de bivalvos que redunde na mellora das condicións e da protección do sector no caso de dificultades para o traballo”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O argumento da perda produtiva xeral do marisqueo nas rías Galegas nos últimos anos non se sostén se temos en conta os rexistros de descargas nas lonxas de Galicia.

O sector marisqueiro en Galicia explota un conxunto variado de recursos mariños, fundamentalmente:

- Moluscos bivalvos infaunais (ameixas e berberechos) que apañados polos colectivos de marisqueo a pé e a flote.
- Moluscos bivalvos epifaunais (Vieira, volandeira, ostra), que se extraen mediante rastros remolcados e bou de vara.
- Recursos específicos, nos que se engloba un conxunto variado de organismos como o percebe, ourizo de mar, navallas e longueiróns, algas, orella de mar, anémones ou poliquetos

De todo este conxunto, no 2016 extraeuse un total de 9.217 toneladas, valor que se sitúa en torno a media dos últimos 15 anos (8.800 Tm), sendo ademais o máis alto dos últimos 5 anos .

Tamén hai que sinalar que a meirande parte da produción (7.647 toneladas, 83%) pertence o grupo dos bivalvos.

Economicamente, no ano 2016 o marisqueo xerou un total de 83,6 millóns de euros en primeira venda, sendo o valor máis elevado dos últimos oito anos, debido a confluencia da recuperación produtiva antes sinalada e a progresiva recuperación dos prezos en lonxa que se leva producindo dende o 2013.

Por sectores produtivos, o marisqueo a pé e a flote serían os colectivos con maior importancia económica, repartíndose entre os dous o 80% do valor xerado (60,1 millóns de €), seguidos dos percebeiro/as, con 7,3 millóns de euros (10 € do conxunto).

Se ben, todo coñecemento científico que se poda xerar do estudo do medio e dos recursos mariños é fundamental para o correcto desenvolvemento da xestión do marisqueo, especialmente nos últimos anos nos que nalgúns zonas onde existen problemas, por exemplo co berberecho. Por este motivo, a Consellería do Mar leva promovendo estudos mediante o financiamento de proxectos de investigación como son o proxecto cockles, o convenio da navalla coa Universidade de Vigo, o estudo do reló, etc.

Por último, hai que sinalar que dende 2010 recuperáronse preto de 8 millóns de m² de superficie de zonas improdutivas, cun investimento de 5 millóns de euros destinados a 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda, e en relación ao saneamento das rías galegas, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009, dos que 600 foron para as rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento. En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos.

Un dos obxectivos deste esforzo inversor foi dotar ás grandes cidades galegas dos máis avanzados servizos de depuración. Entre eles destacan a EDAR de Lagares en Vigo, o saneamento integral de Ferrol ou a EDAR de Bens. En total, desde 2009 construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de acadar no ano 2020 o saneamento integral das rías”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26605
Data envío: 21/02/2018 09:04:43.571

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as conclusións dos traballos levados a cabo polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos dende o 1 de xaneiro de 2016, en desenvolvemento do convenio de colaboración asinado coa Conselleira do Mar o 29 de decembro de 2015, as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego e os proxectos que se están a valorar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Convenio que a Consellería do Mar asinou o 29/12/2015 co Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, tiña como obxecto a realización polos facultativos do COIN de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables polo FEMP.

Polo tanto, os traballos realizados ao seu amparo, céntranse exclusivamente no obxecto propio, colaborando coa Consellería do Mar na boa execución do FEMP, sen que teña ningún outro cometido.

Este Convenio non é o primeiro, senón que xa no ano 2007, en concreto o 10 de maio, foi asinado un Convenio entre a daquela Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o COIN para a realización de certos traballos. Posteriormente o 21 de novembro de 2007 modificouse, ampliándose o seu obxecto para a realización de traballos vinculados co IFOP.

Este Convenio finalizou o 17 de abril de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26472
Data envío: 19/02/2018 14:21:39.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:21:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19573**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar de abandonar a xestión das zonas marisqueiras, as razóns desa decisión e os posibles compromisos que podería asumir no tocante á evolución da produción marisqueira no caso de adoptar un modelo de xestión dirixido polo conxunto das confrarías de cada ría, así como as súas estimación referidas ao seu impacto no mantemento e calidade do emprego dependente do mar”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, cómpre analizar o número de permex nos últimos 12 anos. Así, mentres no período 2005-2009 o número de altas de novos permisos de marisqueo a pé foi de 633, durante o período 2009-2014 foi de 1.053 permex, e 949 dos últimos 3 anos, o que representa un 66,3 % máis e un 50% máis, respectivamente, con respecto ao período anterior 2005-2009.

Ademais, para 2018 prevese a convocatoria de máis de 300 permisos de explotación para marisqueo a pé xeral e de recursos específicos.

Por outra banda, a Consellería do Mar, a longo dos diversos períodos de programación de fondos europeos, subvencionou actuacións de mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros, coñecidos como proxectos de rexeneración .

Ao longo do período 2010-2017, recuperáanse máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento de arredor de sete millóns de euros.

A maiores, a recuperación de mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura. De feito, ao abeiro do FEMP, para o período 2016-2020, investíranse 37 millóns de euros para protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través

dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, e fomentar a sensibilización ambiental.

Por último, non consta deste Departamento ningún malestar por parte das Confrarías con respecto a este asunto formulado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26471
Data envío: 19/02/2018 14:21:19.646

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:21:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20626**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación de perda progresiva de contacto co sector que existe entre os investigadores e os traballadores directos do mar, o estudo da posibilidade de creación dunha entidade autonómica que aglutine e coordine os labores de investigación relacionados co sector pesqueiro e o coñecemento das súas demandas referidas á necesidade dunha investigación máis aplicada e de máis impacto, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de investigación deste departamento, (CIMA, Cetmar, IGafa e INTECMAR), xa se atopan perfectamente coordinados pola propia Consellería do Mar, como órgano superior que, entre outras tarefas, coordina toda a acción investigadora dos diferentes entes.

Existe ademais un centro tecnolóxico, o Cetmar, que contribúe a coordinar toda as accións de investigación, e que plasma ese incremento nunha cifra constante de aumento dos fondos que levan aparellados os proxectos, que pasaron dos 50 millóns de euros no 2009 aos máis de 275 millóns de euros no 2017.

Este centro naceu precisamente con este espírito de coordinar os diferentes proxectos de investigación que se fan tanto entre os diferentes entes da Consellería, como da Universidade, ou entre administracións, como pode ser o caso do IEO (Instituto Español de Oceanografía) ou do CSIC, dependentes do Goberno central.

En todo caso, debe entenderse que podería darse un problema ao crear institutos ou entes superiores que aglutinen diferentes centros que dependen de distintas administracións e non son competencia directa da Xunta de Galicia.

Entendemos que este traballo dos centros de investigación non se atopa lonxe da realidade do sector, senón que contribuíu a relanzar a súa actividade, dándose exemplos como a reversión da tendencia da evolución das cotas, facendo que desde 2009, a cota para Galicia medrase nun 80%,

que supuxo 80.000 toneladas máis e un crecemento económico potencial de máis de 210 millóns de euros.

Amais, cos datos obtidos e apoiados e indo da man do sector e dos científicos, aumentáronse as zonas de produción marisqueira e entre 2010 e 2017, recuperamos máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas. Xa por último, co traballo conxunto de sector e científicos puidemos desenvolver medidas que puxeran certeza e firmeza aos parámetros de análise da presenza da toxina nas conservas de mexillón.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26603
Data envío: 21/02/2018 09:04:21.305

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20639**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do estudo realizado polo Instituto Español de Oceanografía en relación coa pesquería da cigala, a súa opinión referida ao mantemento do seu peche total para flota galega e as actuacións previstas para demandar a súa apertura para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería da cigala, no que se recomenda a reapertura desta pesquería para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademáis debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26502
Data envío: 19/02/2018 15:13:01.056

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 15:12:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20843**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “a **valoración do Goberno galego en relación coas conclusións en materia de transparencia reflectidas no informe elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente e titulado “O control e a execución da política pesqueira en España. Informe final 26.07.2017”**”, a elaboración pola Xunta de Galicia do **informe final de resultados correspondente ao programa autonómico de control da rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura e o cumprimento dos requisitos establecidos pola Unión Europea na materia, así como as medidas previstas ao respecto**”, (publicada no BOPG número 224 do 7 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O informe sobre ‘Control e a Execución da Política Pesqueira en España’ trata de examinar o grao de cumprimento por parte de España das obrigacións da UE en materia de control e execución da política pesqueira adoptando un dobre enfoque: por unha banda, examina o cumprimento dos Regulamentos da UE no ámbito Estatal e, por outro, aborda a análise no ámbito das Comunidades Autónomas.

En relación a este último, este informe céntrase nas comunidades de Andalucía e Galicia, atendendo ás cuestións específicas en materia de pesca que recaen baixo a súa exclusiva competencia.

No que respecta ás recomendacións para mellorar os controis sobre comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura para garantir un maior cumprimento dos requisitos da UE en materia de trazabilidade, temos que sinalar que estas recomendacións baséanse principalmente nas conclusións obtidas a partir dos datos relativos ao control sobre a comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura e os sistemas de trazabilidade establecidos na C.A de Andalucía e non, por tanto, aos de Galicia.

Sinalar que se trata dun informe que se fai a catro Estados membros, precisamente aos máis potentes en pesca e con máis unidades pesqueiras.

As críticas aos sistemas de control son xerais aos catro estados revisados, abarcando un período moi amplo e que coincidía coa implantación da Política Pesqueira Común. No caso de España, inclúe o momento no que se afrontou unha reforma en profundidade do sistema, partindo dunha situación na que se viña de varias sancións derivadas das fallas do control (de xarda, por exemplo) e incluíndo a implantación do regulamento de control.

É esta normativa a que precisamente excepciona a un grupo moi importante da frota (a frota artesanal na que os estados obxecto do informe teñen a maior parte e un grande número de embarcacións) da monitorización, polo que non ten sentido verter esa crítica no informe. En todo caso, debe quedar claro que se está cumprindo a normativa.

Por outra banda, en canto á transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre inspeccións e infraccións, débese ter en conta que este tipo de documentos conteñen datos persoais e información sensible que por protección de datos non podemos ofrecer, e sobre a transparencia, sementar dúbidas a estas alturas cando o Servizo de Análises e Rexistros rexistra, sistematiza e contabiliza cada ano máis de 4 millóns de notas de venda e máis de 300.000 documentos complementarios (de transporte, etc) é facerlle fraco favor ao sector.

En relación ás medias postas en marcha para aumentar a transparencia e dispoñibilidade de datos en materia de pesca, lembrar a existencia dende 2003 da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, núcleo dos sistemas de información no ámbito da Consellería de Mar da Xunta de Galicia onde se estruturan detalladamente os rexistros administrativos, os seguimentos da actividade, a primeira venda de produtos e, por último, unha relación con outros sistemas de información de interese para o sector, como avisos de alertas do Intecmar, Sanidade, etc.

Respecto das medidas adoptadas para mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes, foi en 2010 cando se procedeu a mellorar esta coordinación coa UPA, se reforzaron os medios humanos destinados á loita contra o furtivismo, cunha progresiva especialización, coa Garda Civil, tanto por mar (co Servizo Marítimo da Garda Civil) coma por terra (co SEPRONA e tamén coa Agrupación de Tráfico), coas policía locais e cos 122 gardapescas das Confrarías.

Por último, deixar claro que Galicia cumpre plenamente coas indicacións que sobre este asunto se regulan dende a UE. E así o demostran día a día os funcionarios da Consellería do Mar.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Para ampliar a información sobre este asunto remitímonos á resposta dada pola secretaria xeral Técnica da Consellería do Mar, na comparecencia a petición propia na Comisión 8ª do 25 de xaneiro de 2018 .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26467
Data envío: 19/02/2018 14:20:41.208

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:36



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21038**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López , sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa exclusión do alumnado repetidor do cómputo para a determinación das ratios máximas de alumnado por aula, así como a necesidade de manter a vixencia do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo”**, (publicada no BOPG número 227 do 15 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26600
Data envío: 21/02/2018 09:03:44.039

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:03:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón, así como das regresións dos areais e correntes da zona e, se é o caso, os prazos estimados para eses fins”**, (publicada no BOPG número 227 do 15 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia estudará a viabilidade de calquera proposta para o incremento do calado que lle sexa trasladada ou solicitada dende o sector con todos os condicionantes ambientais, administrativos e económicos que existen para o conxunto das actuacións de dragaxe nos 122 peiraos de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26599
Data envío: 21/02/2018 09:03:34.305

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:03:28

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos ás convocatorias e cursos de formación levados a cabo pola Consellería do Mar ano 2017 en materia náutico-pesqueira, técnicas de mergullo, seguridade e acuicultura, así como a tramitación das solicitudes presentadas polo alumnado”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro informa que no ano 2017 as convocatorias de cursos realizadas foron 249 beneficiándose 3.308 persoas, das cales 10 foron na modalidade de teleformación (mariñeiro pescador on line) formándose 143 persoas, das 600 prazas convocadas (60 por curso).

Admitíronse todas as solicitudes presentadas que cumprían coas condicións requiridas para realizar os diferentes cursos (patrón/a costeiro polivalente, patrón/a local de pesca, mariñeiro/a pescador, patrón/a portuario, mecánico/a maior naval, mariñeiro/a de ponte, mariñeiro/a de máquinas, operador/a restrinxido de SMSSM e a súa actualización, avanzado en loita contra incendios e a súa actualización, embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos e a súa actualización, formación sanitaria inicial e avanzada e as súas actualizacións, formación básica e a súa actualización, certificado de mariscador/a e de percebeiro/a) .

En canto ás convocatorias de 2017 relacionados con técnicas de mergullo, houbo 6, dos cales 4 cursos correspondéronse con recolector de recursos específicos con técnicas de mergullo, 1 curso de iniciación ao mergullo profesional e 1 curso de 2ª clase restrinxida de mergullo profesional.

Polo que respecta aos alumnos que quedaron nas listaxes de reserva, sinalar que en 4 destes 6 cursos non se cubriron todas as prazas. Tamén se fixeron 4 cursos de primeiros auxilios de mergullo profesional e 5 cursos de reciclaxe de primeiros auxilios de mergullo profesional. Cómpre sinalar que estes cursos fanse a demanda. En suma, na modalidade de mergullo, o número de cursos foi de 15 formándose 150 persoas.

No tinxinte á Aula de Seguridade da EONP de Ferrol, no ano 2017 téñense realizado un total de 35 cursos, beneficiándose 240 persoas. Algún destes cursos se realizaron sen cubrir todas as prazas convocadas. Tamén indicar que na aula de seguridade se realizaron varios cursos destinados os alumnos/as dos ciclos regrados da EONP de Ribeira e do IPMP do Atlántico de Vigo.

Por último, no ano 2017 se realizaron 14 cursos de acuicultura beneficiándose 160 alumnos/as. Ademais, admitíronse todas as solicitudes presentadas que cumprían coas condicións requiridas para realizar os cursos de acuicultura.

En total, estamos a falar de 313 cursos realizados en 2017 dos que se beneficiaron preto de 4.000 alumnos/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26463
Data envío: 19/02/2018 14:20:03.849

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12717**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións realizadas polo Goberno galego destinadas a mellorar as posibilidades de pesca do boquerón na zona IXa”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do Ices á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios de outras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26498
Data envío: 19/02/2018 14:26:44.226

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:40



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12918**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o mantemento pola Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Cambados**”, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Concello de Cambados pertence á EOXI de Pontevedra e o Salnés e conta co Centro de Saúde de Cambados, de titularidade do Concello.

O Centro de Saúde de Cambados está incluído no Grupo II do pacto local no que están os Centros de Saúde de titularidade municipal que comparten espazos con outras actividades municipais e Centros cuxa titularidade non corresponde ao Concello.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26640
Data envío: 21/02/2018 09:11:31.027

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:26

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12985**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados ad hoc, que condenaron a persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 24 de novembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 12986, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26490
Data envío: 19/02/2018 14:25:12.585

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:25:07



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13896**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o custo económico do cambio de nome do Hospital da Costa polo de 'Hospital Público da Mariña Lucense'**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos custos que se producirán como consecuencia do cambio de nome do Hospital da Costa para converterse en Hospital Público da Mariña Lucense cómpre sinalar que, nestes momentos, non se poden cuantificar xa que os cambios iranse facendo de forma progresiva, a medida que sexa necesario renovar material, editar ou adquirir novos materiais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26496
Data envío: 19/02/2018 14:26:24.632

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13906**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a discordancia entre o proxecto de orzamentos de 2017 e o orzamento executado en 2016 no correspondente ao número e contías de capeláns no Sergas”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento inicial do ano 2016 foi de 683.498 euros e o gasto total ascendeu a 587.013 euros.

No orzamento inicial do 2017 dótese de 705.159 euros. O incremento é consecuencia da aplicación dos aumentos nas pagas extraordinarias dun 3,17 % sobre o orzamento do 2016.

Nos últimos anos non se ten modificada a dotación de 52 prazas de capeláns no cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26488
Data envío: 19/02/2018 14:24:52.522

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:47



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13915**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para favorecer a recuperación do mosteiro de Santa María a Real, de Oia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta 23626, na Comisión 4ª do 8.2.2028. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26637
Data envío: 21/02/2018 09:11:00.995

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:10:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14049**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a esixencia ao Goberno do Estado do mantemento dos Rexistros da Propiedade suprimidos polo Real Decreto 195/2017”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluía no decreto estatal a súa demanda no referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto

sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuase que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26487
Data envío: 19/02/2018 14:24:41.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14061**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a intención do Goberno galego de reclamarlle ao Goberno do Estado a transferencia de competencias para poder determinar o número de Rexistros da Propiedade e Mercantís que se deban agrupar ou crear no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluía no decreto estatal a súa demanda no

referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuuse que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26485
Data envío: 19/02/2018 14:24:21.725

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14067**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de obras para a recuperación e rexeneración do espazo natural entorno á Praia da Carabuxeira (Sanxenxo)”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia límitase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, sí que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto propónse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Por último, sinalar que Portos de Galicia ten en marcha a execución do acordo parlamentario mediante o cal se está a buscar unha solución técnica a través dunha mesa de traballo a tres bandas na cal están presentes as tres partes implicadas (Concello, Demarcación de Costas e Portos de Galicia).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26635
Data envío: 21/02/2018 09:10:41.933

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:10:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a postura do Goberno galego en relación co recurso contencioso-administrativo presentado por dous rexistradores da propiedade fronte o Real Decreto 195/2017 perante o Tribunal Supremo, manifestándose en contra da supresión de dez Rexistros da Propiedade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluíra no decreto estatal a súa demanda no

referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuase que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26483
Data envío: 19/02/2018 14:24:02.163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:23:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 14345**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da redución do número de traballadores do mar en Galicia desde o ano 2009”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña, e ademais, o saldo con decembro 2017 é positivo en 259 persoas. Pola contra, cómpre lembrar que entre 2005 e 2009 se perderon un total de 3.887 afiliados.

En todo caso, dende este Departamento seguiremos apostando por aumentar as cotas de pesca para Galicia, que dende o 2009 o fixeron en máis de 80.000 toneladas e que supuxo un aumento na facturación de máis de 200 millóns de euros.

Por último, seguimos apostando pola formación, de xeito que para os orzamentos deste ano 2018 se incrementa un 2,5% os fondos destinados ás ensinanzas marítimo – pesqueiras, acumulando xa unha suba do 7% nos dous últimos orzamentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26481
Data envío: 19/02/2018 14:23:24.569

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:23:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14347**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia da cota de anchoa que actualmente ten Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do Ices á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios de outras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26631
Data envío: 21/02/2018 09:09:52.229

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:47



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727